



Kalekói

Observatorio Competitividad Provincia Extraordinaria

Impacto da Deputación de Pontevedra no rural da provincia

Maio 2025



SmartPeme+

Impulsar o emprendemento rural dende o local: unha estratexia para afrontar os retos demográficos e económicos dos territorios menos poboados

O **emprendemento rural** é un eixo estratéxico para afrontar os **principais desafíos** que afectan aos territorios con **menor densidade poboacional**.

A **Deputación de Pontevedra** asume o seu compromiso co rural mediante **iniciativas orientadas en formación, asesoramento e acompañamento continuado** a persoas emprendedoras, con especial foco nos municipios de menor tamaño.

"A intención de contribuír socialmente é unha característica destacada do emprendemento en Galicia. Os emprendedores galegos non só buscan o éxito económico, senón tamén xerar un impacto positivo nas súas comunidades." – Informe Executivo GEM Galicia
2023 – 2024



A estrutura empresarial do rural pontevedrés, un retrato en cifras

O medio rural da provincia de Pontevedra, está a consolidarse como un **espazo estratéxico para o emprendemento e o desenvolvemento económico sostible**. A pesar dos desafíos tradicionais, **nos últimos anos produciuse unha reactivación económica**.

55,24%

% de empresas pontevedresas que desempeñan a súa actividade no rural (2023)

Número de establecementos con menos de 20 empregados situados no rural pontevedrés (2023)

28.811

29.702

Número de establecementos situados no rural pontevedrés (2023)

% de persoas ocupadas da provincia que pertencen a zonas rurais

41,08%



Datos obtidos do Instituto Galego de Estadística (2023)

Un ecosistema interconectado ao servizo do emprendemento rural

Tanto a nivel galego como na provincia de Pontevedra, as administracións públicas son conscientes do **papel crucial** que xoga o **tecido empresarial como motor de riqueza, crecemento e desenvolvemento de oportunidades**. Fomentar **sinerxías e colaboracións** entre organismos supón unha oportunidade para os negocios da provincia que non se atopan en zonas urbanas, poñendo á súa disposición ferramentas e apoio para aumentar a súa competitividade, sustentabilidade e desenvolvemento económico.



O impacto de SmartPeme+ nas zonas rurais da provincia

2.379 Asesoraronse **2.379** empresas na província de Pontevedra.

O **53%** das empresas asesoradas por SmartPeme+ pertencen a áreas rurais.

19.609 Ofrecéronse **19.609** servizos de acompañamento individualizado.

Os asesoramentos realizados en zonas rurais representan o **47%** do total da provincia.



Principais sectores en zonas rurais

Número de empresas

- 279** Comercio polo miúdo
- 76** Fabricación de bebidas
- 96** Outros servizos profesionais
- 180** Servizos de aloxamento
- 65** Servizos de comidas e bebidas

A Deputación de Pontevedra, a través de SmartPeme+ e outras iniciativas dá resposta aos retos do rural

	Retos	Iniciativas
01	Envellecemento da poboación e falta de substitución xeracional	DepoEmprende
02	Dificultades de financiación	Plan extraordinario de investimentos
03	Conectividade dixital desigual	Programa +Reto Dixital
04	Menor acceso a servizos avanzados de apoio	SmartPeme+
05	Illamento empresarial	Da túa man

Oportunidades detectadas para seguir impulsando o desenvolvemento rural da provincia

Oportunidades

- 01 Revalorización do produto local e o territorio
- 02 Economía verde e circular
- 03 Dixitalización e acceso a novos mercados
- 04 Redes de apoio público como SmartPeme+
- 05 Novas formas de traballo e atracción do talento

A Deputación de Pontevedra seguirá desenvolvendo proxectos que garantan o crecemento do rural da provincia e as súas empresas

**“O emprendemento
rural xera actividade
económica e mantén
viva a identidade e
sustentabilidade do
territorio.”**

